

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

- 10059** *Real decreto lei 13/2014, do 3 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes en relación co sistema gasista e coa titularidade de centrais nucleares.*

#### I

O almacenamento subterráneo de gas natural «Castor», situado no subsolo do mar a 21 km aproximadamente da costa, é unha infraestrutura singular na cal concorre unha serie de circunstancias que requiren dunha solución integral que, con carácter inmediato e urxente, habilite un marco normativo que consolide a primacía do interese xeral en relación coa seguridade das persoas, dos bens e do ambiente no contorno do almacenamento.

Este real decreto lei xustifícase pola extraordinaria e urxente necesidade de atender a complexa situación técnica existente na instalación, especialmente tras a renuncia á concesión presentada polo seu titular. Para este fin, acórdase a hibernación das instalacións e a asignación da súa administración á sociedade Enagás Transporte, S.A.U., que se encargará, durante a citada hibernación, do seu mantemento e operatividade, así como da realización dos informes técnicos necesarios para determinar a correcta operatividade da instalación e, de ser o caso, dos traballos necesarios para o seu desmantelamento. Tamén levará a cabo o pagamento da correspondente compensación a Escal UGS, S.L., polas instalacións cuxa administración se lle asigna. A experiencia adquirida por Enagás Transporte, S.A.U. na xestión e operación de almacenamentos subterráneos, como titular das principais instalacións de tal natureza que operan no sistema gasista, garante o mantemento efectivo do almacenamento subterráneo «Castor» en condicións seguras. Ademais, recoñéceselle á dita sociedade unha retribución do sistema gasista polo desenvolvemento dos traballos que a presente norma lle asigna, así como unha compensación polo desembolso económico ao actual titular das instalacións.

#### II

O Real decreto 855/2008, do 16 de maio, outorgou a Escal UGS, S.L. a concesión de explotación para o almacenamento subterráneo de gas natural denominado «Castor», que se integraría no sistema gasista como infraestrutura básica e, consecuentemente, suxeita ao réxime de acceso de terceiros á rede e con dereito a unha retribución regulada. O almacenamento foi recollido no documento de «Planificación dos sectores da electricidade e do gas 2008-2016», aprobado polo Consello de Ministros con data do 30 de maio de 2008.

O Real decreto 855/2008, do 16 de maio, ademais do seu carácter meramente demanial, concretaba algunhas especificidades do almacenamento, entre as cales cabe destacar o réxime de extinción do seu artigo 14. Entre elas establecíase a posibilidade de renuncia da concesión de explotación por parte do titular así como a determinación da compensación que se percibiría en tal eventualidade. Esta previsión foi obxecto de litixio como resultado do Acordo do Consello de Ministros do 11 de maio de 2012, que declarou a lesividade para o interese público do inciso final do mencionado artigo por entender incompatible unha compensación á empresa concesionaria en caso de caducidade ou extinción da concesión se concorre dolo ou negligencia desta, co criterio da gratuidade da reversión das instalacións estipulado no artigo 29.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. O Tribunal Supremo ditou sentenza o 14 de outubro de 2013, na cal afirmou que a previsión xenérica de gratuidade na reversión das instalacións contida no artigo 29.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, debía

entenderse «coa reserva de previsións específicas no outorgamento de cada concesión concreta», e conclúese por iso, en relación co citado artigo 14 do Real decreto 855/2008, do 16 de maio, «que tal previsión non choca co teor do artigo 29.1 da Lei do sector de hidrocarburos e que, por conseguinte, non podemos declarar a súa nulidade. Pero non significa que aínda que medie dolo ou negligencia da empresa concesionaria en todo caso vaia esta percibir a indemnización prevista no inciso litixioso. Antes ao contrario, esta regra concesional é pola súa vez unha previsión xenérica de compensación polo valor residual dunhas instalacións que reverten operativas ao Estado en caso de caducidade ou extinción da concesión; pero a efectiva percepción por parte da empresa titular desa compensación dependerá das causas que levasen á caducidade ou extinción da concesión e das circunstancias concorrentes no caso concreto en que se producen».

Por outra parte, o referido Real decreto 855/2008, do 16 de maio, habilitaba a súa titular para empregar a estrutura subterránea como almacenamento subterráneo pero exixía, ao mesmo tempo, a obtención de autorización administrativa das súas instalacións necesarias. Logo de realización do trámite de avaliación de impacto ambiental, que concluíu coa Resolución do 23 de outubro de 2009, da Secretaría de Estado de Cambio Climático, pola que se formula declaración de impacto ambiental do proxecto Almacén subterráneo de gas natural Amposta, e posteriormente pola Resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do 7 de xuño de 2010, outorgouse autorización administrativa e recoñecemento da utilidade pública das instalacións e servizos necesarios para o desenvolvemento do proxecto de almacenamento subterráneo «Castor». Finalizados os traballos de construción, a Dependencia da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Castellón emitiu, o 5 de xullo de 2012, a acta de posta en servizo provisional para o conxunto do almacenamento que, ademais de habilitar para a inxección do gas colchón, establece o inicio da devindicación da retribución regulada da instalación.

A inxección dese gas colchón estaba programada en varias fases que, de forma gradual, debían permitir a validación e posta en marcha da instalación. A primeira tivo lugar entre o 14 e o 25 de xuño de 2013 e a segunda, entre o 19 e o 23 de agosto de 2013, etapas que tiveron lugar sen incidencias significativas. Durante a terceira fase de inxección, no mes de setembro de 2013, a rede sismográfica de monitorización do almacenamento detectou unha serie de eventos sísmicos, cunha evolución caracterizada por unha primeira fase cun comportamento de sismicidade inducida, onde o cesamento das inxeccións foi seguido rapidamente por un decrecemento da actividade, e unha segunda fase de sismicidade disparada. Estes eventos foron sentidos con intensidade macrosísmica II e III na escala macrosísmica europea EMS-98, xerando unha notable alarma social, o que motivou a suspensión temporal da operación do almacenamento, decretada inicialmente pola Resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do 26 de setembro de 2013 e prorrogada posteriormente pola Resolución do 18 de xuño de 2014.

Como consecuencia, encargáronse informes ao Instituto Xeográfico Nacional e ao Instituto Xeolóxico e Mineiro de España que non permiten aínda emitir unha conclusión definitiva sobre as eventuais consecuencias dunha volta á operación. Ao contrario, recomendan a realización dunha serie de estudos adicionais que, sen prexuízo das eventuais achegas de técnicos internacionais, permitirían dispor dunha base sólida e coherente sobre a que tomar unha decisión sobre o futuro da instalación que prime de maneira determinante a seguridade das persoas, dos bens e do ambiente. Por este motivo, o presente real decreto lei hiberna as instalacións do almacenamento subterráneo e encárgalle á empresa Enagás Transporte, S.A.U. a realización dos estudos necesarios sobre a seguridade na operación da instalación.

### III

O 31 de outubro de 2012, Escal UGS, S.L. solicitou o inicio dos trámites para a inclusión do almacenamento no réxime retributivo do sistema gasista, e xuntou á súa solicitude a información que exige o artigo 6 da Orde ITC/3995/2006, do 29 de decembro, pola que se establece a retribución dos almacenamentos subterráneos de gas natural

incluídos na rede básica. Encontrándose en fase de estudo a complexa solicitude e como consecuencia dos feitos detallados anteriormente, aquela non se resolveu.

Posteriormente, o 18 de xullo de 2014, Escal UGS, S.L. presentou no rexistro do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo un escrito en que comunica a súa decisión de exercer o dereito a renunciar á concesión. Como se mencionou anteriormente, tanto o Real decreto 855/2008, do 16 de maio, como a xa referida Orde ITC/3995/2006, do 29 de decembro, prevén a posibilidade de renuncia anticipada á concesión e o recoñecemento dunha compensación polos investimentos efectuados, para o que é precisa a expresa autorización administrativa de tal renuncia de conformidade co previsto no artigo 14 do referido Real decreto 855/2008, do 16 de maio. O valor desa compensación establécese no valor neto do investimento acometido. O importe total do investimento ascende a 1.461.420 miles de euros, importe ao cal se lle tería que descontar a retribución provisional xa aboada de 110.691,36 miles de euros. Con iso, o importe que se recoñece a Escal UGS, S.L. ascende a 1.350.729 miles de euros.

Como consecuencia do anterior, o presente real decreto lei extingue a concesión de explotación do almacenamento subterráneo de gas natural denominado «Castor». A efectividade da renuncia non implica, en ningún modo, a extinción da responsabilidade que a actual sociedade titular e os seus accionistas deban, de ser o caso, afrontar pola súa xestión do proxecto e que será convenientemente exixida unha vez que se dispoña de todos os elementos de xuízo necesarios.

#### IV

Mediante este real decreto lei consolídase a suspensión da operación no almacenamento xa establecida pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, con determinadas condicións de forma que se hibernan as instalacións do almacenamento subterráneo «Castor».

A situación de hibernación destas instalacións xa construídas permite a súa explotación sempre que se realicen os estudos técnicos necesarios que garantan a seguridade das persoas, dos bens e do ambiente, e así se considere por acordo do Consello de Ministros. Desta forma, mantense o interese estratéxico do almacenamento subterráneo «Castor», que forma parte do conxunto de instalacións para a seguridade de fornecemento do sistema gasista español, cuxo abastecemento depende fundamentalmente dos fornecementos exteriores e, por conseguinte, a utilidade pública de tal almacenamento, así como a imputación dos custos e ingresos ao sistema gasista.

Nesta situación de hibernación, en que non se realizará ningunha extracción ou inxección de gas natural no almacenamento, a administración das instalacións hibernadas asígnaselle á sociedade Enagás Transporte, S.A.U., mentres que o dereito e o uso da estrutura xeolóxica do almacenamento subterráneo se reintegran ao dominio público a que fai referencia o artigo 2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Esta sociedade responsabilizarase do mantemento das instalacións en condicións seguras a cambio dunha compensación polos custos en que se incorreu na execución de tales funcións, debidamente auditados. No suposto en que Enagás Transporte, S.A.U. realice cos seus propios recursos calquera operación, engadirase un beneficio industrial e, no caso de subcontratacións, un custo pola súa xestión e administración.

Con esta asignación garántese a seguridade das persoas, dos bens e do ambiente e o correcto mantemento da operatividade do almacenamento subterráneo «Castor» optimizando os recursos dispoñibles polo sistema gasista.

Esta medida xustifícase por canto Enagás Transporte, S.A.U. é titular de tres dos catro almacenamentos subterráneos do sistema (Serrablo, Gaviota e Yela), o que representa en torno ao 98 por cento da capacidade útil total de almacenamento do sistema gasista prevista nos próximos anos, excluído «Castor».

Ademais do anterior e como consecuencia da asunción por Enagás Transporte, S.A.U. da administración de tales instalacións, deriva a obriga de pagamento a Escal UGS, S.L. de 1.350.729 miles de euros, e é titular Enagás Transporte, S.A.U. por razón da asunción de tal obriga de pagamento, dun dereito de cobramento por parte do

sistema gasista das cantidades que lle permitan garantir a cobertura de tal pagamento na contía e nos termos que se fixan no presente real decreto lei.

A satisfacción do dereito de cobramento e do resto de custos realizarase a través dos pagamentos que realice o órgano competente en materia de liquidacións do sistema gasista, que é actualmente a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de conformidade coa disposición transitoria cuarta da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Dada a excepcionalidade da operación e co obxecto de dar as maiores garantías en canto ao cobramento, recóllese un conxunto de medidas. Así, en primeiro lugar, interponse ao organismo encargado das liquidacións como suxeito obrigado ao pagamento mediante a creación dunha conta específica en réxime de depósito. En segundo lugar, dáse prioridade ao pagamento do dereito de cobramento fronte ao resto de custos do sistema gasista. Finalmente, de forma extraordinaria e excepcional, establécese que eses dereitos de cobramento poidan servir de garantía nos acordos de garantía financeira previstos no Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

Por conseguinte, a hibernación desta instalación implica un réxime xurídico e económico específico non recollido de forma expresa na Lei 34/1998, do 7 de outubro, nin na súa normativa de desenvolvemento. A atribución das citadas obrigacións a Enagás Transporte, S.A.U., a Escal UGS, S.L, así como ao resto de suxeitos implicados, e a imputación con cargo ao sistema gasista dun novo custo que, de conformidade co Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, debe facerse por lei exixe unha norma con rango de lei e, tendo en conta a extraordinaria e urxente necesidade con que se deben adoptar estas medidas, artículase mediante un real decreto lei.

Como se sinalou, Enagás Transporte, S.A.U. completará os informes e estudos a que se fai referencia na resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do 18 de xuño de 2014, así como aqueles que se consideren precisos para comprobar a correcta construción, mantemento e utilización do almacenamento, a verificación da seguridade no mantemento e operación da instalación e a adquisición de coñecementos técnicos precisos para o desenvolvemento do almacenamento.

Deste coñecemento deberase obter a profundidade de xuízo precisa co fin de que se adopte a decisión definitiva que determine o futuro do almacenamento. Deberase proceder ao desmantelamento cando poidan existir riscos para as persoas, os bens ou o ambiente que o aconsellen.

No suposto de que o Consello de Ministros considere segura a operación do almacenamento por se tratar dunhas instalacións necesarias para a seguridade do fornecemento, integraranse nunha nova concesión de explotación, e o conxunto deberase asignar nun procedemento público de concorrencia competitiva á oferta que, cumprindo os requisitos técnicos e de seguridade exhibibles, supoña un menor custo para o sistema gasista. En ningún caso se afectará aos dereitos de cobramento recoñecidos con cargo ao sistema gasista.

Por todo o anteriormente exposto, a nova situación determinada pola sobrevida renuncia á concesión coa concorrencia dos feitos e aspectos técnicos, económicos e xurídicos antes referidos fai imprescindible articular un marco normativo adecuado e inmediato que permita garantir o interese xeral primario da seguridade das persoas, bens e ambiente, e isto co carácter de extraordinaria e urxente necesidade exixido para a aprobación do presente real decreto lei.

V

A Lei 12/2011, do 27 de maio, sobre responsabilidade civil por danos nucleares ou producidos por materiais radioactivos, modifica o artigo 28 da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, para dispor que o titular da autorización de explotación dunha central nuclear sexa unha única persoa xurídica dedicada exclusivamente á xestión de

centrais nucleares, contando cos medios materiais, económico-financeiros e persoais necesarios.

Así mesmo, a referida Lei 12/2011, do 27 de maio, engade unha disposición transitoria única á Lei 25/1964, do 29 de abril, na cal se establece o procedemento que deberán seguir os titulares das centrais nucleares que non cumpran cos requisitos establecidos na nova redacción do artigo 28 da citada Lei 25/1964, do 29 de abril, para adaptarse a estes requisitos, e fíxase un prazo para levar a cabo esta adaptación.

Porén, transcorrido en exceso ese prazo, non puido levar a cabo a adaptación establecida pola lei naquelas centrais nucleares en que existen varios titulares, por non teren estes cumprido o disposto na dita disposición transitoria única.

Á vista do anterior, e ao ser necesario que se completen os procesos de adaptación das distintas centrais nucleares, considerouse urxente e necesario proceder a esta modificación legal xa que, ademais, é preciso posibilitar, de ser o caso, a renovación das autorizacións de explotación das centrais nucleares afectadas, para evitar un posible impacto negativo na estabilidade da subministración eléctrica.

Esta medida afecta todas as centrais nucleares, salvo a central nuclear de Santa María de Garoña e a central nuclear de Cofrentes, xa que son as únicas que cumpren co requisito de ter un único titular.

Mediante esta modificación preténdese non interferir, na medida do posible, no modelo de explotación implantado desde hai anos nas centrais nucleares afectadas e respectar o contexto de competencia en materia de xeración nucleoelectrica que actualmente existe no mercado eléctrico.

Cómpre ter en conta que a operación destas centrais se leva a cabo por medio de agrupacións de interese económico (AIE) constituídas polos seus copropietarios, que contan cos recursos persoais que son exixidos no número 2 do artigo 28. Mediante esta modificación legal exíxese tamén que sexan dotadas cos demais medios necesarios.

Ademais, dado que unha mesma entidade pode ser titular da explotación de varias centrais nucleares con diferentes propietarios, coa modificación recollida neste real decreto lei preténdese exonerar de calquera responsabilidade que poida derivar da explotación dunha central nuclear aquelas compañías que, sendo partícipes da dita entidade titular, non sexan copropietarias dela.

Esta modificación legal pretende dar solución á situación proposta, sen prexuízo de que, con posterioridade, as empresas afectadas poidan solicitar unha modificación da titularidade dunha central nuclear, de acordo co disposto no artigo 12.i) do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de outubro de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Hibernación das instalacións

Artigo 1. *Hibernación da instalación.*

1. Hibernanse as instalacións do almacenamento subterráneo «Castor». Durante esta hibernación non se realizará ningunha inxección ou extracción de gas natural nas estruturas xeolóxicas do subsolo que conforman o almacenamento subterráneo. Enagás GTS, na súa calidade de xestor técnico do sistema, velará por que non se realicen entregas de gas ao almacenamento.

O anterior non resultará de aplicación a aquelas cantidades de hidrocarburo que sexan imprescindibles para garantir a operatividade das instalacións e equipamentos ou a seguridade das persoas, dos bens e do ambiente.



2. Mediante acordo do Consello de Ministros poderase pór termo á hibernación, logo de valoración motivada dos resultados dos correspondentes estudos técnicos e atendendo á evolución da demanda de gas natural. A decisión adoptada garantirá a sustentabilidade económica e financeira do sistema gasista e primará, de maneira determinante, a seguridade das persoas, dos bens e do ambiente.

Nesta disposición do Consello de Ministros acordarase, ben o desmantelamento do almacenamento ben, de ser o caso, a integración das instalacións nunha concesión de explotación do almacenamento que se deberá outorgar a través dun procedemento de concorrencia competitiva de conformidade coa Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e a súa normativa de desenvolvemento, e corresponderán ao sistema gasista os ingresos e custos prudentes derivados de ambos.

## CAPÍTULO II

### Extinción da concesión e efectos

#### Artigo 2. *Extinción da concesión «Castor».*

1. Extínguese a concesión de explotación de almacenamento subterráneo de gas natural denominado «Castor», outorgada polo Real decreto 855/2008, do 16 de maio, pola causa prevista no artigo 34.1 alínea c) da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e para os efectos do artigo 14 do dito real decreto, de acordo coas condicións particulares que se determinan no presente real decreto lei.

2. Co aboamento a Escal UGS, S.L. das cantidades a que se refire o artigo 4 quedarán extinguidas todas as obrigacións económicas derivadas da concesión de explotación e calquera dereito retributivo a Escal UGS, S.L. con cargo ao sistema gasista, de acordo coa Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e a súa normativa de desenvolvemento, en particular a Orde ITC/3995/2006, do 29 de decembro, pola que se establece a retribución dos almacenamentos subterráneos de gas natural incluídos na rede básica.

3. A extinción da concesión implica a de todas as cargas e gravames impostos sobre os bens e instalacións obxecto da concesión. Os titulares posteriores ou empresas que realicen calquera clase de actividade sobre o obxecto da concesión de explotación extinguida non quedarán subrogados nas obrigacións, incluídas as derivadas de relacións laborais ou mercantís, contraídas por Escal UGS, S.L.

4. A extinción da concesión de explotación de almacenamento subterráneo de hidrocarburos «Castor» prodúcese sen prexuízo das responsabilidades que poidan ser exixidas a Escal UGS, S.L. tanto como resultado dos eventuais vicios ou defectos na súa execución que poidan presentar as instalacións e se poñan de manifesto dentro dos dez anos seguintes á entrada en vigor do presente real decreto lei como das accións e omisións que, como titular da concesión, desenvolvese durante o seu período de vixencia e ata a data en que a sociedade Enagás Transporte, S.A.U. asuma de forma plena a administración das instalacións de conformidade co disposto no número 2 da disposición transitoria segunda do presente real decreto lei. No caso de disolución ou liquidación da sociedade Escal UGS, S.L., así como se resulta insolvente para facer fronte a tales responsabilidades, estas serán exixibles, solidariamente, aos socios ou partícipes no seu capital en 18 de xullo de 2014, así como, subsidiariamente, ás sociedades dominantes dos grupos de sociedades a que tales socios e partícipes pertencen, todo isto, igualmente, por referencia á indicada data do 18 de xullo de 2014.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, será sociedade dominante a que posúa unha participación superior ao cincuenta por cento no capital social da sociedade accionista de Escal UGS, S.L. Se ningunha sociedade alcanza tal porcentaxe será de aplicación o artigo 42 do Código de comercio.

As cantidades que en tal concepto poidan ser exixidas terán a consideración de ingresos do sistema gasista e será aplicable, tanto para a determinación das responsabilidades como para a liquidación das obrigacións derivadas e exixencia do seu

pagamento, o prazo de prescrición sinalado na disposición adicional sétima da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, cuxo cómputo se realizará con aplicación das regras previstas no artigo 15 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

5. Tamén corresponderán ao sistema gasista as indemnizacións derivadas das responsabilidades que, polo outorgamento da concesión de explotación ou da operación do almacenamento subterráneo de gas natural «Castor», se poidan recoñecer en procedementos administrativos ou xudiciais.

### Artigo 3. *Asignación da administración das instalacións.*

1. A administración das instalacións asociadas ao almacenamento subterráneo de gas natural denominado «Castor» asígnanse á sociedade Enagás Transporte, S.A.U.

Esta sociedade asumirá a administración das instalacións e será titular de todos os dereitos e obrigacións asociados a elas durante todo o período que medie ata a finalización do período de hibernación. Entre tales dereitos asociados non se inclúe o dereito de cobramento regulado no artigo 5 deste real decreto lei.

En tales instalacións intégranse, sen carácter limitativo, os elementos referidos na Resolución do 7 de xuño de 2010, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola cal se outorga a Escal UGS, S.L. autorización administrativa e recoñecemento da utilidade pública das instalacións e servizos necesarios para o desenvolvemento do proxecto de almacenamento subterráneo «Castor».

2. Enagás Transporte, S.A.U. subrogarase automaticamente na data en que asuma de forma plena a administración das instalacións, de conformidade co disposto na disposición transitoria segunda.2 do presente real decreto lei, na titularidade dos restantes permisos, concesións, autorizacións ou calquera outro título administrativo habilitante relacionado coas instalacións de que Escal UGS, S.L. sexa titular.

A plena asunción da administración das instalacións implicará a realización das operacións necesarias para o seu mantemento e a súa operatividade. Enténdense incluídas as de funcionamento das instalacións, os desenvolvementos necesarios por motivos técnicos, de seguridade e calquera outro requirido pola normativa de aplicación, a realización de estudos xeolóxicos, técnicos e económicos, as de comprobación da correcta construción, mantemento e utilización do almacenamento así como todos aqueles servizos que estean relacionados ou sexan complementarios cos anteriores, ou que sexan necesarios directa ou indirectamente para a correcta administración desas instalacións.

Ademais, corresponderalle o desmantelamento sempre que así se dispoña no acordo a que se refire o artigo 1.2, o cal deberá realizarse en condicións seguras conforme o razoable estado da ciencia e técnica nese momento.

Así mesmo, Enagás Transporte, S.A.U. deberá garantir a seguridade das instalacións para as persoas, os bens e o ambiente e asegurar o cumprimento das normas que resulten de aplicación, en particular no que se refire ás obrigacións fiscais, de ordenación do territorio e urbanismo, de protección do ambiente, de protección dos recursos mariños e de seguridade para persoas e bens.

Os custos do mantemento e operatividade, así como todos aqueles en que incorra Enagás Transporte, S.A.U. pola realización dos traballos indicados anteriormente ou pola administración das instalacións, serán retribuídos nos termos do artigo 6 do presente real decreto lei.

3. Os ingresos derivados da venda de calquera activo da instalación, incluído, de ser o caso, o hidrocarburo contido no almacenamento, corresponderán ao sistema gasista.

4. Enagás Transporte, S.A.U. será exclusivamente responsable das consecuencias derivadas do incumprimento das súas obrigacións. En particular, non responderá dos estragos ou destrución das instalacións ou calquera outro dano ou perda ocasionado por forza maior ou caso fortuíto, nin polos que veñan determinados polas accións ou omisións de Escal UGS, S.L. durante a vixencia da concesión e ata a data en que Enagás Transporte, S.A.U. asuma de forma plena a administración das instalacións de

conformidade co disposto no número 2 da disposición transitoria segunda do presente real decreto lei.

*Artigo 4. Recoñecemento de investimentos e custos a Escal UGS, S.L.*

1. Recoñécese como valor neto do investimento a que fai referencia o número 3 do artigo 5 da Orde ITC/3995/2006, do 29 de decembro, pola que se establece a retribución dos almacenamentos subterráneos de gas natural incluídos na rede básica, a suma de 1.350.729 miles de euros (un millón trescentos cincuenta mil setecentos vinte e nove miles de euros).

2. Este importe será aboado nun só pagamento a Escal UGS, S.L., no prazo máximo de 35 días hábiles desde a entrada en vigor deste real decreto lei, pola sociedade Enagás Transporte, S.A.U.

3. A cantidade anterior entenderase sen prexuízo dos dereitos retributivos devindicados por Escal UGS, S.L no período comprendido entre a acta de posta en servizo provisional e a data de entrada en vigor do presente real decreto lei, que comprenderán unha retribución financeira, o aboamento dos custos de operación e mantemento en que se incorreu e incluídos os custos de mantemento desde a suspensión da operación, nos termos actualmente establecidos na Orde ITC/3995/2006, do 29 de decembro, e demais normativa de aplicación.

*Artigo 5. Dereitos de cobramento con cargo ao sistema gasista.*

1. A sociedade Enagás Transporte, S.A.U. será titular, por razón da obrigaón de pagamento prevista no artigo 4.2 do presente real decreto lei, dun dereito de cobramento por parte do sistema gasista, polo importe que resulte da aplicación dos números seguintes, con cargo á facturación por peaxes de acceso e canons do sistema gasista durante 30 anos ata a total satisfacción do importe correspondente ao pagamento estipulado no artigo 4.2 e á retribución financeira establecida no número 3 deste artigo.

O dereito de cobramento aboarase con independencia de que subsista ou non a hibernación da instalación durante o prazo fixo de 30 anos e comezarse a aboar a partir da primeira liquidación do sistema gasista correspondente á facturación mensual por peaxes de acceso e canons devindicados desde o 1 de xaneiro de 2016.

Para estes efectos, o titular do dereito de cobramento ou os titulares deste, no caso de cesión realizada de acordo co disposto neste artigo, consideraranse suxeitos do sistema de liquidacións de actividades reguladas de gas natural. Esta partida terá prioridade no cobramento sobre o resto de custos do sistema nas liquidacións correspondentes, incluíndo os previstos actualmente nos artigos 61.2, parágrafo cuarto, e 66 do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

2. A orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo en que se aproben as peaxes e canons asociados ao acceso de terceiros e as retribucións reguladas no sistema de gas natural recoñecerá de forma expresa a anualidade correspondente para facer fronte a tal dereito de cobramento.

A satisfacción do dereito de cobramento anual realizarase a través dos pagamentos que realice o órgano competente en materia de liquidacións do sistema gasista. Para iso, o órgano competente en materia de liquidacións do sistema gasista comunicarlles aos respectivos suxeitos do sistema de liquidacións o importe que deberán ingresar na conta que ese órgano abrirá en réxime de depósito para este exclusivo obxecto.

En caso de falta de pagamento, total ou parcial, por parte dun suxeito do sistema de liquidacións, este órgano descontará ao suxeito incumplidor a cantidade non pagada dos seus dereitos de cobramento resultantes da liquidación, na seguinte liquidación ou posteriores, se for necesario. Estas cantidades serán transferidas á conta a que se fai referencia no parágrafo anterior.

Os posibles xuros que poida xerar esa conta aplicaranse para o mesmo fin no ano seguinte.



O dereito de cobramento será firme e non se verá afectado polo incumprimento por Enagás Transporte, S.A.U. das súas obrigacións relacionadas no artigo 3 nin calquera outra. Este dereito non poderá ser obxecto de ningunha compensación, retención ou dedución.

A cantidade que se deberá pagar en virtude do dereito de cobramento será calculada segundo se indica no número 3 e incluírá tanto a retribución financeira como a amortización do principal.

3. Co obxecto de determinar a cantidade anual que se ten que pagar en virtude do dereito de cobramento nos termos sinalados no número 2 anterior, aplicarase a seguinte fórmula:

$$R_i = \left( \frac{Tr}{1 - (1 + Tr)^{-30}} \right) \times Ct$$

Onde,

$R_i$  é a cantidade anual que se deberá pagar o ano «i», expresada en miles de euros.

$Tr$  é a taxa financeira de retribución igual a un tipo de xuro anual fixo, expresado en tanto por un, de 0,04267.

$Ct$  é a compensación do importe previsto no artigo 4.1., expresada en miles de euros.

A cantidade mensual que se deberá pagar en virtude do dereito de cobramento con cargo á facturación por peaxes de acceso e canons do sistema gasista calcularase, para cada ano, a partir da suma da retribución financeira anual e a amortización anual, e o resultado dividirase entre 12.

Os pagamentos aboaranse o día 25 de cada mes ou, de ser o caso, o día hábil inmediatamente posterior, e realizarase o primeiro o 25 de abril de 2016 ou na data que corresponda segundo o anterior.

4. O dereito de cobramento será libremente dispoñible por Enagás Transporte, S.A.U. ou polos seus ulteriores titulares e, en consecuencia, poderá ser, total ou parcialmente, cedido, transmitido, descontado, peñorado ou gravado a favor de calquera terceiro, incluíndo fondos de titulación de activos ou outros vehículos ou sociedades de propósito especial, nacionais ou estranxeiros, que en ningún caso terán a consideración de persoas especialmente relacionadas co titular cedente ou peñorante para efectos do previsto nos artigos 93 e concordantes da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, con suxeición ás leis xerais e neste artigo.

5. A cesión do dereito de cobramento deberase realizar por escrito nun documento, en que se deberá incluír, polo menos:

- a) Nome ou razón social do adquirente e do transmitente, cos datos identificativos deste.
- b) A porcentaxe do dereito de cobramento cedido.
- c) Data de efectividade da adquisición do dereito.

En caso de concurso do cedente, os cesionarios iniciais ou ulteriores gozarán dun dereito absoluto de separación nos termos previstos no artigo 80 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

A cesión do dereito de cobramento só a poderá rescindir ou impugnar, ao abeiro do previsto no artigo 71 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, a administración concursal, que terá que demostrar que se realizou en fraude de acredores.

6. A cesión do dereito de cobramento será eficaz fronte ao sistema gasista desde a data da comunicación do documento cos requisitos incluídos no número anterior e as sinaturas do cedente e do cesionario, ao órgano competente en materia de liquidacións do sistema gasista. Tamén se comunicarán os datos da conta bancaria do titular do dereito en que o dito órgano debe efectuar os pagamentos que procedan. Para estes efectos, o citado órgano manterá un rexistro de titulares do dereito de cobramento.

7. Os titulares do dereito de que se trate poderán requirir do órgano competente en materia de liquidacións do sistema gasista canta información sexa necesaria para

contrastar a corrección dos cálculos en cuxa virtude se determinasen as cantidades que percibisen.

8. O dereito de cobramento terá a consideración de dereito de crédito para efectos do artigo sétimo.c) do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

A peñoración ou cesión en garantía do dereito de cobramento terá sempre a consideración de acordo de garantía financeira para efectos da aplicación do capítulo II do título I do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública, mesmo cando ningunha das partes intervinientes estea incluída nunha das categorías do seu artigo 4, en particular:

a) non será aplicable a esta a última frase do artigo 90.1.6º da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal;

b) poderá, en todo caso, ser executada ao producirse un suposto de execución consonte o artigo décimo primeiro.2 do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, ben mediante venda, apropiación ou aplicación deste ao cumprimento das obrigacións financeiras principais. Neste último caso, o acredor garantido poderá proceder á execución do acordo de garantía financeira requirindo o pagamento directo do dereito de cobramento, ou a parte correspondente, ao órgano competente en materia de liquidacións do sistema gasista ata a completa satisfacción das cantidades debidas a este.

O disposto neste número 8 será igualmente de aplicación á peñoración ou cesión en garantía das contas bancarias en que se deban aboar os pagamentos correspondentes ao dereito de cobramento, así como os dereitos derivados de calquera contrato de cesión do dereito de cobramento, de ser o caso.

#### Artigo 6. *Pagamento dos custos a Enagás Transporte, S.A.U.*

1. Os custos de mantemento, operatividade e os derivados das obrigacións indicadas no artigo 3.2 aboaranse a Enagás Transporte, S.A.U. con cargo aos ingresos por peaxes e canons do sistema gasista.

Os custos en que se incorra deberanse xustificar coa correspondente auditoría e determinaranse con carácter definitivo por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Dentro destes custos incluírase como custo adicional o beneficio industrial e, nos supostos de subcontratación, o pagamento dos custos da súa xestión e administración.

2. Enagás Transporte, S.A.U. remitirá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, antes do 31 de outubro de cada ano, o seu plan de custos estimados para o exercicio seguinte.

A este plan xuntaráse unha memoria explicativa das actuacións atribuídas no artigo 3.2 por realizar, do estado dos principais elementos da instalación con particular atención aos elementos críticos para a seguridade das persoas, bens e do ambiente, así como calquera outro feito relevante. Así mesmo, incluírá a forma de contratación que se vaia utilizar para as principais partidas, que deberá favorecer a concorrência, a transparencia e o mínimo custo.

Igualmente, xuntárase a memoria de gastos auditados do exercicio precedente para os efectos do seu recoñecemento con carácter definitivo.

3. Anualmente, na orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo en que se aproben as peaxes e canons asociados ao acceso de terceiros e as retribucións reguladas no sistema de gas natural, incluírase como un custo o importe previsto do exercicio seguinte, tendo en conta o plan referido no número anterior, que poderá ser condicionado. Así mesmo, incluíranse, de ser o caso, os desvíos en que se incorra nas retribucións de anos anteriores como consecuencia das revisións definitivas dos gastos auditados aprobadas de conformidade co número 1 do presente artigo.

Estes custos terán a consideración de custos de actividades reguladas de gas natural e aboaranse nas liquidacións do sistema gasista correspondentes á facturación mensual por peaxes de acceso e canons de acordo co procedemento xeral de liquidacións.

Disposición adicional primeira. *Cálculos previstos neste real decreto lei.*

Para efectos da realización dos cálculos que deriven da aplicación deste real decreto lei, os valores en miles de euros expresaranse con dous decimais e os tipos de xuro en tanto por un con 5 decimais.

Disposición adicional segunda. *Adaptación da titularidade das centrais nucleares ao disposto no artigo 28 da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear.*

Sen prexuízo do previsto na disposición transitoria única da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, no caso de que na data de entrada en vigor deste real decreto lei a titularidade da autorización de explotación dunha central nuclear non se adaptase ás condicións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 28 da Lei 25/1964, do 29 de abril, tal titularidade entenderase transferida á entidade que nesa data teña encomendada a explotación da central nuclear por parte dos titulares da autorización de explotación. Quedarán con isto sen efecto os plans de adaptación que, de ser o caso, se encontren en tramitación.

Con este fin, os titulares da autorización de explotación ata esa data dotarán o novo titular cos medios a que se refire o número 2 do artigo 28.

Con independencia do réxime de adopción de acordos que sexa ordinariamente de aplicación ao novo titular, as decisións relacionadas coa seguridade nuclear adoptaranse por maioría simple.

En todo caso e sen prexuízo da responsabilidade do titular dunha central nuclear, a responsabilidade polos danos e perdas derivados do seu funcionamento non será exixible a entidades que non sexan copropietarias dela nin, de ser o caso, aos seus representantes nos órganos de administración do referido titular.

Disposición transitoria primeira. *Plan de custos para o exercicio 2015.*

O plan de custos para o exercicio 2015 e demais documentación que se debe achegar de conformidade co artigo 6.2 do presente real decreto lei deberá remitila Enagás Transporte, S.A.U. antes do 1 de decembro de 2014.

Disposición transitoria segunda. *Desempeño transitorio de funcións.*

1. Escal UGS, S.L. será responsable de que as actividades de mantemento e operatividade das instalacións se desenvolvan con normalidade, en condicións seguras e de acordo cos principios de transparencia e mínimo custo ata a plena asunción da administración das instalacións por Enagás Transporte, S.A.U.

Desde a entrada en vigor deste real decreto lei Escal UGS, S.L. deberá colaborar e facilitar a Enagás Transporte, S.A.U. a información, o acceso ás instalacións e a asistencia necesaria para o traspaso ordenado de funcións.

Escal UGS, S.L. deberá manter o cumprimento dos requisitos e obrigacións exixidos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, e demais disposicións legais e regulamentarias aplicables, así como das condicións que fosen impostas nas disposicións de outorgamento da concesión de explotación do almacenamento subterráneo Castor e neste real decreto lei. En particular, manterá a titularidade dos permisos, concesións, autorizacións ou calquera outro título administrativo habilitante relacionados coas instalacións.

O incumprimento destas condicións ou de calquera das súas obrigacións poderá supor a perda do recoñecemento dos custos de mantemento e operatividade das instalacións previstos no número 3 desta disposición, sen prexuízo daquelas outras responsabilidades que lle sexan exixibles.

2. Antes do 1 de decembro de 2014, Enagás Transporte, S.A.U. asumirá de forma plena a administración das instalacións, que será comunicada ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

No prazo de dous meses desde a asunción plena da administración desas instalacións, Enagás Transporte, S.A.U. remitirá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo un informe técnico para acreditar o estado das instalacións recibidas, o grao de

cumprimento da normativa vixente, os investimentos que realizará para corrixir as deficiencias que presente ou, de ser o caso, para adaptalo ao seu novo estado, a priorización dos investimentos que realizará e a posibilidade de programalos no tempo, e as necesidades de mantemento futuras. En función deste informe, poderase minorar o importe recoñecido a Escal UGS, S.L. polos seus custos de mantemento e operatividade.

3. Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo determinarase o importe correspondente aos custos de mantemento e operatividade das instalacións en que razoablemente incorrese Escal UGS, S.L. desde a entrada en vigor do presente real decreto lei ata a asunción plena da administración da instalación por parte de Enagás Transporte, S.A.U. Os custos así recoñecidos agregaranse ao procedemento de liquidación en curso e aboaranse a Escal UGS, S.L. nun pagamento único.

Con este obxectivo, Escal UGS, S.L. presentará no prazo de 10 días desde a entrada en vigor deste real decreto lei, ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, unha estimación dos custos en que prevé incorrer durante ese período transitorio. Finalizado o período transitorio, presentará ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a memoria de gastos auditados correspondente a ese período, para os efectos do recoñecemento dos custos.

4. Tanto o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo como a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán solicitar a Escal UGS, S.L. e a Enagás Transporte, S.A.U. a información adicional que consideren necesaria para verificar o cumprimento das obrigacións establecidas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para que dite as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de outubro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY